

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

GROVE, O

Subvencións e axudas

BASES PARA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A DINAMIZACIÓN COMERCIO-TURISMO

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN COMERCIAL, DE HOSTALERÍA E TURISMO

Aprobadas na Xunta de Goberno Local do 29 de xaneiro de 2018.

As presentes bases teñen por obxecto efectuar a convocatoria de subvencións para asociacións empresariais, comerciais, entidades sen ánimo de lucro e conxuntos de empresas para a realización de actividades de dinamización e promoción comercial e turística durante o ano 2018, en réxime de concorrencia competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre estas, de acordo cos criterios de valoración fixados nesta convocatoria.

Na presente convocatoria será de aplicación a normativa prevista na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Regulamento de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo e a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en todo aquilo considerado como norma básica.

BASES

1. Obxecto

O obxecto da presente convocatoria, que se tramita en réxime de concorrencia competitiva, é regular as bases que rexerán a concesión de subvencións para outorgar no ano 2018, para o financiamento de proxectos presentados polos posibles beneficiarios segundo as limitacións establecidas na cláusula tres.

Os proxectos presentados referiranse a actividades que se desenvolvan integramente no termo municipal do Grove, dirixidas á promoción e dinamización do comercio, a hostalería e o turismo na localidade e presentadas sen ánimo de lucro. Deste xeito serán subvencionables actividades de promoción ou dinamización de iniciativas comerciais e turísticas, así como a creación e consolidación de produtos relacionados co turismo de natureza.

Debe terse en conta que as presentes bases se desenvolven de xeito paralelo ao Plan Estratégico de Turismo 2017-2020 (PET) do Concello do Grove, polo que deben contribuír ao cumprimento de obxectivos deste plan. Debe terse en conta, ademais, que os eixes fundamentais do PET xiran en torno ao medio ambiente e á gastronomía e, dun xeito máis concreto, o referido á conservación da paisaxe á potenciación do produto local.



2. Financiamento

2.1. A cantidade global máxima ascende a 6.000,00 euros, que será atendida con cargo á aplicación 4312-22602 dos orzamentos municipais.

2.2. A cantidade mínima a outorgar a cada beneficiario será de 500,00 euros quedando excluídos aqueles proxectos cuxo importe no acade a citada cantidade unha vez aplicados os criterios de valoración establecidos nas correspondentes cláusulas.

2.3. A contía máxima para lle conceder a cada beneficiario non poderá superar o 50% do orzamento do proxecto presentado, co límite máximo de 3.000,00 euros para o total dos proxectos presentados por cada beneficiario.

3. Proxectos subvencionables

3.1. Tipos de proxectos admitidos

Poderán ser obxecto da subvención os proxectos que se desenvolvan integramente no termo municipal do Grove e que estean encamiñados á realización de accións de promoción e dinamización comercial e turística da zona. Seralles de aplicación esta convocatoria aos proxectos que se desenvolvan entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 31 de decembro de 2018, coas limitacións establecidas na base 2.3. desta convocatoria.

Os proxectos presentados poderán contar no seu desenvolvemento coa colaboración activa dunha o máis asociacións culturais ou deportivas da localidade.

Dun xeito máis concreto, establécense as seguintes liñas de proxectos:

- a) Deseño, organización, xestión e desenvolvemento de actividades continuadas destinadas a incentivar, motivar e facer uso dos servizos comerciais, hostaleiros e dos mercados da vila, priorizando aquelas actividades que reforcen a aplicación das novas tecnoloxías aos sectores implicados.
- b) Apoio ás liñas de comercialización e promoción de produtos de calidade que permitan o seu asentamento no mercado local, con especial interese cara á creación de paquetes turísticos que garden relación con turismo de natureza.
- c) Realización de feiras, mercados, concursos ou festas directamente relacionadas coa promoción de produtos ou eventos identificativos da zona e que contribúan á promoción e dinamización da vila.
- d) Realización de cursos de formación, organización de xornadas, exposicións ou seminarios dirixidos a mellorar o funcionamento e a calidade dos servizos comerciais, hostaleiros e de mercados, especialmente relacionados coa aplicación de novas tecnoloxías e á profesionalización destes sectores.



3. 2. Número de proxectos

Cada solicitante poderá presentar un máximo dous proxectos a esta convocatoria. Non obstante, poderá aparecer como colaborador nun máximo de tres proxectos. Será necesaria unha solicitude por cada proxecto.

3.3. Proxectos non subvencionables

Quedan excluídas desta convocatorias e, polo tanto, non poderán ser obxecto de axuda as seguintes actividades:

- Actividades xa subvencionadas polo Concello do Grove a través de calquera outra convocatoria ou procedemento de colaboración, calquera que sexa o departamento que emita a axuda ou compromiso.
- Actividades deportivas, xa que estas contan cunha liña específica de subvención.
- As viaxes de ocio e os gastos de manutención realizados polos socios ou o persoal das entidades participantes.
- As actividades de carácter confesional, agás aquelas que excepcionalmente e de xeito claramente xustificadas teñan como obxectivo a promoción e a dinamización económica do Concello do Grove.
- Os gastos de funcionamento das entidades ou asociacións.
- As actividades desenvolvidas entre o 1 de xullo e o 31 de agosto, durante a Semana Santa ou durante a celebración da Festa do Marisco.

Excepcionalmente, poderán subvencionarse algunhas actividades de carácter periódico (desenvolvidas en varios días) cuxa duración se prolongue desde antes das datas indicadas e ata despois destas, pero en ningún caso pode supoñer un solapamento coas actividades xa previstas en temporada alta. A aplicación desta excepcionalidade deberá ser realizada pola Comisión de Avaliación.

- Calquera outra actividade que, a criterio da Comisión de Avaliación, non contribúa á finalidade desta convocatoria.

4. Solicitantes

Poderán solicitar as subvencións os seguintes colectivos e grupos:

- GRUPO 1. Asociacións comerciais ou empresariais que desenvolvan a súa actividade efectiva no territorio municipal do Grove, teñan a súa sede no Grove e estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións desde polo menos un ano antes da publicación desta convocatoria.
- GRUPO 2. Conxunto de empresas ou comercios que desenvolvan a súa actividade efectiva no Grove, teñan a súa sede no Grove e desenvolvan o proxecto no municipio do Grove.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

En todos os casos é preciso que a totalidade dos organismos ou entidades que participan na organización da actividade, tanto o solicitante como os colaboradores, se atopen ao corrente das súas obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social no momento en que realizan a solicitude.

Os dous grupos poderán contar coa colaboración de asociacións culturais e deportivas do municipio para o desenvolvemento das actividades propostas.

5. Obrigas

Os concesionarios das subvencións asumirán as seguintes obrigas:

- Realizar as actividades e cumprir cos fins e propósitos que fundamenten a concesión da subvención, axustándose ao expresado na proposta inicial, acreditando no Concello do Grove a realización da actividade e o cumprimento do seu fin no momento da xustificación da subvención eventualmente concedida. A subvención só pode dedicarse ás actividades previstas na solicitude.
- Cumprir as condicións que se determinen nas bases e na concesión da subvención e someterse ás actuacións de comprobación dos servizos municipais correspondentes por razón de materia, así como as de control financeiro que lle correspondan á Intervención.
- Comunicarlle ao Concello do Grove a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública ou entidades públicas ou privadas, así como outros ingresos ou recursos que financien a mesma actividade. A non comunicación inmediata destes datos suporía a perda da axuda.
- Cumprir as obrigas de publicidade, nas que debe constar o financiamento do Concello do Grove en todas as actividades subvencionadas en calquera dos medios de difusión (gráficos, dixitais, audiovisuais, etc.) Deste xeito, a comunicación, difusión e publicidade da actividade ou programa subvencionado deberá incluír a marca gráfica (logotipo) do Concello do Grove, segundo os criterios da identidade corporativa municipal, ademais do logotipo rexistrado da Festa do Marisco. Isto será de aplicación para calquera material.
- Garantir a máxima difusión das actividades subvencionadas, comunicándolle, ademais, ao Concello do Grove a programación da actividade para que este poida realizar os correspondentes labores de comunicación.
- Realizar unha coordinación adecuada co Concello do Grove e coas asociacións culturais e deportivas do municipio para evitar que as actividades programadas coincidan con outras xa previstas. Deste xeito a actividade non poderá desenvolverse sen a autorización do Concello do Grove no referido ás datas.
- Xustificar a subvención concedida conforme a estas bases.



6. Solicitudes e prazo

As solicitudes formalizaranse nos modelos e anexos normalizados que se facilitarán no Rexistro Xeral do Concello ou na páxina web www.concellodogrove.es e deberán ir acompañadas da documentación requirida.

A solicitude deberá presentarse no Rexistro Xeral Electrónico do Concello do Grove ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Se a solicitude non reunise os datos esixidos ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, requirirase aos interesados para que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emenden as anomalías advertidas ou presenten os documentos, indicando que, en caso de non facelo, teranse por desistidos e arquivaranse as solicitudes sen máis trámite.

7. Documentación

As asociacións, colectivos ou empresas interesados en obter subvencións do Concello do Grove deberán solicitalo mediante a presentación dunha instancia (Anexo I) por cada proxecto, coa documentación xenérica e a documentación específica, segundo se sinala a continuación:

Documentación xenérica

Anexo I.- Solicitude:

- Fotocopia cotexada de tarxeta de identificación fiscal da entidade.
- Fotocopia cotexada do DNI do representante legal.
- Certificado orixinal dos datos bancarios co nome da entidade peticionaria.

Anexo II.- Declaracións responsables onde consten:

- Declaración do número de socios da entidade (só Grupo 1).
- Declaración da imposibilidade de realizar a actividade de non ser beneficiario da subvención do Concello do Grove.
- Declaración de cumprir cos requisitos esixidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Autorización para a consulta directa pola Administración das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Facenda Autonómica e coa Seguridade Social.



Anexo III.- Certificado do secretario ou secretaria da entidade solicitante (Grupo 1), ou do representante legal da empresa (Grupo 2) no que consten:

- As subvencións e/ou axudas ou calquera outro tipo de ingreso obtidos ou solicitados para a mesma finalidade, con expresión da súa contía, comprometéndose a comunicarlle ao Concello do Grove a concesión de calquera outra axuda ou subvención de entes públicos ou privados para mesma finalidade.

Anexo IV: Proxecto ou memoria na que consten (por esta orde) a proposta presentada para o ano 2018, con expresión de:

- Datas previstas de desenvolvemento.
- Lugares de desenvolvemento.
- Edición da actividade (de ser o caso).
- Relación da actividade cos obxectivos desta subvención.
- Obxectivos da actividade.
- Definición do público ao que vai destinada.
- Dossier de difusión da actividade (de ser o caso).
- Responsables do desenvolvemento da acción.
- Persoas implicadas na súa preparación e desenvolvemento.
- Descrición do sistema de organización (permisos, licenzas e servizos).
- Materiais empregados para o proxecto (propios e alleos).
- Programa de traballo para a preparación de cada actividade.
- Orzamento de gastos e ingresos.

Documentación específica**b.1. Proxectos GRUPO 1**

- Memoria de experiencias previas da asociación relacionadas co proxecto.
- No caso de contar con colaboradores, declaración asinada polo representante de cada asociación e/ou colectivo en que indique o compromiso a colaborar no proxecto e indicando, de ser o caso, a contraprestación (económica ou non económica).

b.2. Proxectos GRUPO 2

- Acordo de colaboración, que deberá incluír as actividades que desenvolverán cada unha das empresas participantes, así como a desagregación da achega de cada unha, xa sexa unha achega económica ou a valoración que se lle imputa á súa achega cando non sexa económica.
- Memoria de experiencias previas realizadas por cada unha das empresas relacionadas co proxecto.



- No caso de contar con colaboradores, declaración asinada polo representante de cada asociación e colectivo indicando o compromiso a colaborar no proxecto e indicando, de ser o caso, a contraprestación (económica ou non económica)

8. Tramitación e Comisión Avaliadora

A tramitación destas subvencións corresponderalles aos servizos administrativos do Concello do Grove. Presentada a solicitude, comprobarase que a documentación se axuste ao establecido nas bases. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, requirirase ao interesado para que a emende no prazo máximo e improrrogable de 10 días hábiles, indicándolle que, se non o fixer, terase por desistido da súa solicitude, logo dunha resolución.

A Comisión Avaliadora estará conformada polo concelleiro ou concelleira de Turismo, un profesional do sector comercial ou turístico, un traballador/a do Concello relacionado coa área de turismo ou comercio e o/a secretario/a xeral do Concello ou un funcionario en quen delegue, que actuará con voz, pero sen voto.

A Comisión Avaliadora valorará as peticións aplicando os parámetros recollidos no apartado 9.

A Comisión Avaliadora poderá solicitar todos aqueles informes adicionais que considere necesarios para resolver.

Unha vez establecida a puntuación de cada proxecto, realizarase o correspondente reparto de fondos en función da referida puntuación. A proposta de concesión de subvencións, así realizada, someterase á aprobación da Xunta de Goberno.

A resolución adoptarase, logo dos trámites establecidos, no prazo de dous meses desde o prazo de presentación establecido na publicación da orde. Transcorrido dito prazo sen aprobarse ningunha resolución ao respecto, o solicitante poderá entender por desestimada a súa solicitude.

9. Criterios e valoración dos proxectos

Poderán ser obxecto de subvención, amparados na presente convocatoria, os proxectos que se axustan ao establecido nestas bases, tendo en conta os puntos obtidos en relación co custo do proxecto e o total do orzamento dispoñible, aplicando a Comisión de Valoración os seguintes criterios de puntuación:

1. Solicitante

- Grupo 1. Asociacións empresarias e comerciais (máximo de 100 puntos, mínimo 20 puntos). Outorgarase 2 puntos por asociado a partir de 10 socios. Os colectivos con menos de 10 asociados non poderán participar nesta convocatoria.
- Grupo 2. Conxuntos de empresas e comercios (máximo de 50 puntos, mínimo 5 puntos). Outorgarase 1 punto por empresa ou comercio participante a partir de 3. O proxecto deste grupo con menos de 3 entidades participantes non poderá concorrer nesta convocatoria.



2. Colaboradores

Só se admitirán como colaboradores aquelas entidades que participen activamente (organización e desenvolvemento) no proxecto presentado.

- Grupo 1. Asociacións empresarias e comerciais (máximo de 20 puntos). Outorgarase 1 punto por cada asociación cultural ou deportiva rexistrada no Rexistro de Asociacións do Concello que colabore no proxecto.
- Grupo 2. Conxuntos de empresas e comercios (máximo de 20 puntos). Outorgarase 1 punto por cada asociación cultural ou deportiva rexistrada no Rexistro de Asociacións do Concello que colabore no proxecto.

3. Proxecto

A valoración do proxecto será igual para os grupos 1 e 2, tendo en conta como punto de partida que se trata de actividades sen ánimo de lucro. Deste xeito, diferenciaranse dous bloques de valoración:

- Bloque 1. Proxecto de dinamización (máximo de 100 puntos, mínimo de 50 puntos). Os proxectos que non acaden 50 puntos serán desestimados. Valorarase:
 - A calidade do proxecto: deseño, descrición, desenvolvemento, metodoloxía, cronograma, obxectivos e medición. De 0 a 50 puntos.
 - Axuste aos obxectivos marcados: preferentemente actividades ou actuacións que se axusten ao proposto no apartado 3.1. destas bases. De 0 a 10 puntos.
 - Alcance do proxecto: tipo de público ao que vai dirixida a actividade, sendo fundamental a adecuación aos intereses do público local, pero tamén a posibilidade de captar visitantes ou turistas. De 0 a 10 puntos.
 - Relación do proxecto coa traxectoria da asociación e o seu desenvolvemento como unha actividade que favorece outra liñas nas que se está incidindo e non como unha actividade illada. De 0 a 10 puntos.
 - Retorno social do proxecto: obxectivos globais, axentes involucrados, recursos previstos, valoración do impacto social/medioambiental e seguimento dos resultados. De 0 a 20 puntos.
- Bloque 2. Memoria económica (máximo de 80 puntos, mínimo de 40 puntos). Os proxectos que non acaden 40 puntos serán desestimados. Valorarase:
 - Obtención doutras axudas públicas ou privadas. De 0 a 10 puntos.
 - Actividade gratuíta para os asistentes participantes. 10 puntos.
 - Modulación e adecuación do orzamento de gastos e ingresos (penalízanse os orzamentos sobrevalorados). De 0 a 10 puntos.
 - Porcentaxe de achega municipal solicitada (máximo do 50%). De 0 a 50 puntos. Sendo o 60% = 0 puntos e o 10% = 50 puntos.



4. Recursos propios ou cedidos

Neste epígrafe valoraranse os recursos achegados polas entidades solicitantes e os que serán requiridos por parte do Concello do Grove (máximo 100 puntos, mínimo de 50 puntos). Os proxectos que non acaden 50 puntos serán desestimados. Valorarase:

- Bloque 1. Recursos propios dos solicitantes (ata un máximo de 50 puntos)
 - A entidade achega a totalidade de recursos humanos precisos. 20 puntos
 - A entidade achega a totalidade de recursos materias precisos. 20 puntos
 - A entidade non subcontrata a xestión do proxecto. 10 puntos
- Bloque 2. Uso recursos municipais (ata un máximo de 50 puntos)
 - O proxecto non require de persoal administrativo municipal. 20 puntos
 - O proxecto non require de persoal de montaxe e servizos municipais. 20 puntos
 - O proxecto non require do uso de dependencias municipais. 10 puntos
 - O proxecto non require de material municipal. 20 puntos

10. Xustificación

Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizadas as actividades ou materiais, os beneficiarios deberán xustificalas antes do 15 de decembro de 2018.

Para cobraren a subvención, as entidades deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:

1. Instancia subscripta polo presidente da entidade ou representante legal da empresa dirixida ao alcalde do Concello do Grove na que solicite o pagamento da subvención no número de conta corrente indicada na solicitude.
2. Memoria na que detalle a actividade realizada de conformidade coa achegada á instancia de solicitude de subvención e balance de ingresos e gastos realizados con motivo das actividades.
3. Conta xustificativa da actividade presentada na memoria inicial que é obxecto da subvención, determinando o custo ou gasto total, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, na que se poña de manifesto que os gastos que figuran na dita conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda, indicando que o resto dos xustificantes da conta se atopan no domicilio da entidade beneficiaria á disposición do Concello para o seu exame.
4. Copia autenticada de facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe do gasto total do proxecto presentado, indicando cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas e mais o custo total de cada unidade.



5. Os gastos xustificadas deberán axustarse no posible aos conceptos incluídos no orzamento inicial. Non se aboará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.
6. En todo caso, a xustificación da subvención concedida deberá incluír os documentos que acrediten o pagamento dos gastos xustificadas, de acordo co establecido no artigo 31 da Lei 38/2003, así como no artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que consideran gasto realizado o que fora efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.
7. Acreditar a debida divulgación do financiamento por parte do Concello da actividade, xuntado un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade subvencionada e a declaración responsable do representante de que a fixo.
8. Certificado asinado polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou aos mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.

11. Requisitos das facturas

As facturas que se acheguen como xustificante da subvención deberán cumprir os requisitos:

- a) Ser orixinais ou fotocopias compulsadas.
- b) Datadas no ano 2018, que é o ano en que se concede a subvención.
- c) Conter o número de identificación fiscal do preceptor.
- d) Conter o selo da casa subministradora ou a sinatura.

No suposto de que a subvención teña destino o pagamento de persoas físicas que presten servizos retribuídos, pagamento de premios ou pagamento de axudas de custo, a entidade beneficiaria está obrigada á retención do IRPF nos límites e excepcións da lexislación que rexe. Os pagamentos a persoal retribuído, coa súa pertinente retención, xustificaranse a través da nómina correspondente, acompañadas dos TC.

12. Pagamento

No caso de que se xustifique un gasto polo 100% do concedido na subvención, aboarase a totalidade da subvención.

No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100% do concedido na subvención, aboarase a parte proporcional da subvención.

As cantidades subvencionadas pagaranse atendendo ás previsións da Tesourería do Concello, e poderá anticiparse o 50% mediante unha orde da Alcaldía, sempre despois da xustificación do importe que se percibe anticipadamente.

O pagamento efectuarase por orde de transferencia á conta bancaria indicada polo receptor.



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

13. Devolución e reintegro

As axudas concedidas deberán ser devoltas ou reintegradas nos seguintes casos:

1. Por obtelas falseando as condicións requiridas.
2. Por non realizar, durante o 2018, as actividades recollidas no proxecto para o que se solicitou e concedeu a subvención.
3. Por non aplicala aos fins para os que foi concedida.
4. Por incumprir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

14. Interpretación

Calquera dúbida que puidese xurdir en torno á interpretación destas bases será resolta polos servizos correspondentes do Concello.

15. Órgano de aprobación

O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno por delegación da Alcaldía.

ANEXOS



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

ANEXO I SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN. CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN COMERCIAL, HOSTALERÍA E TURISMO	 ILMO. CONCELLO Grove 
-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Segundo as bases aprobadas na Xunta de Goberno Local do 29 de xaneiro de 2018


Datos do representante da proposta			
APELIDOS		NOME	
DATA DE NACEMENTO		DNI	
DOMICILIO		TELÉFONO	
CORREO ELECTRÓNICO			
TIPO DE SOLICITANTE			
a) GRUPO 1. Asociacións comerciais ou empresariais que desenvolvan a súa actividade no territorio municipal do Grove, teñan a súa sede no Grove e estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións desde polo menos un ano antes da publicación desta convocatoria.			
IDENTIFICACIÓN DA ASOCIACIÓN			
b) GRUPO 2. Conxunto de empresas ou comercios que desenvolvan a súa actividade efectiva no Grove, teñan a súa sede no Grove e desenvolvan o proxecto cun nivel de implicación semellante e equilibrado.			
IDENTIFICACIÓN DAS EMPRESAS OU COMERCIOS			
DENOMINACIÓN DO PROXECTO			
DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACOMPAÑAR Á SOLICITUDE			
<ul style="list-style-type: none">- Fotocopia cotexada de identificación fiscal da entidade.- Fotocopia cotexada do DNI do representante legal.- Certificado orixinal dos datos bancarios co nome da entidade peticionaria- Anexo II. Declaracións responsables.- Anexo III. Certificado do secretario ou secretaria da entidade.- Anexo IV. Proxecto ou memoria da actividade.- Documentación específica segundo o apartado 7. b das bases.			

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación: 9L78T2V3Q9SKCO7S



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26



Segundo as bases aprobadas na Xunta de Goberno Local do 29 de xaneiro de 2018

_____ como representante legal da asociación / grupo de
empresas _____

DECLARO:

c) Número de socios /e empresas

- GRUPO 1

Que o número de socios da entidade é _____

- GRUPO 2

Que o número de empresas participantes no proxecto é _____

d) Que a actividade proposta non podería ser realizada sen a subvención do Concello.

e) Que cumpre cos requisitos esixidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral das subvencións.

f) Que autoriza á Administración á consulta directa das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Facenda Autonómica e coa Seguridade Social.



O Grove, _____ de _____ de 2018

(Sinatura)



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26

ANEXO III CERTIFICADO DE AXUDAS OBTIDAS OU RECIBIDAS. CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN COMERCIAL, HOSTALERÍA E TURISMO	 ILMO. CONCELLO Grove 
---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Segundo as bases aprobadas na Xunta de Goberno Local do 29 de xaneiro de 2018

_____ como representante legal da asociación / grupo de
empresas _____

DECLARO:

Que solicitei para o mesmo fin as seguintes axudas, e que me foron concedidas as indicadas:


O Grove, _____ de _____ de 2018

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación: 9L78T2V3Q9SKC07S



Martes, 6 de febreiro de 2018

Núm. 26



Segundo as bases aprobadas na Xunta de Goberno Local do 29 de xaneiro de 2018

CONTIDOS

- Datras previstas de desenvolvemento
- Lugares de desenvolvemento
- Edición da actividade (de ser o caso)
- Relación da actividade cos obxectivos desta subvención
- Obxectivos da actividade
- Definición do público ao que vai destinada
- Dossier de difusión da actividade (de ser o caso)
- Responsables do desenvolvemento da acción
- Persoas implicadas na súa preparación e desenvolvemento
- Descrición do sistema de organización (permisos, licenzas e servizos necesarios)
- Materias empregados para o proxecto (proprios e alleos)
- Programa de traballo para a preparación de cada actividade
- Orzamento de gastos e ingresos

